



CPR Cruz Roja Española
Rúa Medico Devesa Núñez, 1
15008 A Coruña
Tifono. 981169163
Fax 981169909
cpr.cruz.vermella.coruna@edu.xunta.es



galicia

ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR REPRESENTANTES DAS NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS/TITORES/AS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 38 e seguintes do Decreto 324/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), **corresponde elixir no presente proceso electoral a catro pais/nais**.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. **As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 13:00 horas do día 16 de novembro.**

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. **As candidaturas (individuais) correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 13:00 horas do día 16 de novembro na Secretaría do Centro, poderán ser presentadas ata as 13:00 horas do día 16 de novembro.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 22 de novembro, ás 11:15 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- Entre o 17 e o 23 de novembro as dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Instituto.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de 10 electores.

7.- **As votacións realizaranse neste centro o día 24 de novembro, de 18:30 a 19:30 horas.** A mesa electoral será constituída o mesmo día ás 18:15 horas.

8.- Na papeleta de votación **cada elector fará constar un máximo de 2 nomes dos candidatos presentados**, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, levantándose a acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 5 de novembro de 2021.

A directora e presidenta da Xunta Electoral

Aránzazu Jiménez de Llano García.